



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11 de setembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11 de setembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04/09/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3997

Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Antonio Doval Balsa, en representación de **Asociación Deportiva y Cultural Encestarías**, solicitando autorización para levar a cabo un festival de música chamado "ENCESTAFEST", o día 16 de setembro na Rúa Méndez Núñez ou Praza da Peixería, en caso de choiva.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a vía pública, así como a colaboración municipal solicitada.

Visto o informe da Policía Local deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

No caso de utilizar as instalacións da Praza da Peixería, deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3998

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Juana Trinchete Tendero**, solicitando autorización para instalar un inchable os días 15, 16 e 17 de setembro na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4000

Vista a proposta da Policía Local en relación coa necesidade de adquirir un etilómetro, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SepyMedical S.L.U.**, para subministro dun aparato Ascotest 7510 evidencial, con certificación, homologación e verificación primitiva, incluíndo 2 cargadores de sobremesa e vehículo, impresora, 250 boquillas e paquete de rolos de papel para impresora, por un importe total de 6.825,37 € (IVE incluído), con cargo ás partidas orzamentarias seguintes:

- Partida 132.62300, por importe de 5.640,80 € (etilómetro, cargadores e impresora) (proxecto 2 nº 01/35/17)
- Partida 132.213, por importe de 136,00 € (boquillas e papel para a impresora)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4002

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa celebración da “Semana Europea da Mobilidade”, dende o 16 ao 22 de setembro do presente ano, propoñendo a aprobación para o desenvolvemento do Plan de Educación Vial, cunha exposición-charla da temática, o día 21 de setembro, ás 19:00 horas, no Salón de Actos do Centro Social da Terceira Idade de Vilagarcía, entregando aos asistentes un chaleco reflectante e un diploma de asistencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o desenvolvemento da citada actividade.

PRP2017/4003

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión a favor do Concello do vehículo IVECO Eurocargo 180 E 27, con placas de matrícula 8107JZZ, e a súa inclusión na relación de vehículos cedidos que



figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, coa data de 9 de maio de 2017.

PRP2017/4087

Dáse conta do escrito presentado por D. José Dieste Navazas, en representación de **ALTE FRANKFURT, S.L.**, solicitando autorización para instalación dunha barra de coctelería e ambientación musical para o día 14 de setembro na Rúa Romero Ortiz, diante do Establecemento DERBY, en horario de 20:00 a 23:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/4029

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da sinatura do convenio de concesión dunha subvención á **Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora**, por importe de 3.000,00 € para sufragar gastos de subministro de alimentos, limpeza e hixiene, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

PRP2017/4030

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención á **Asociación Lar Pro-Salud Mental**, por importe de 3.000,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións do centro no marco da inclusión e autonomía de persoas que padecen trastornos mentais, durante o ano 2017, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

Emprego

PRP2017/4033

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores por conta allea 2017, presentada por D. José Antonio Sanmarco Castromán **e/n Auto Maquinor, S.L.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.250,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.



No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4034

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores por conta allea 2017, presentada por **D. José Antonio Sanmarco Castromán e/n Auto Maquinor, S.L.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4036

Dáse conta de Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de 2 de maio de 2017, pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 23.558,08 € para a contratación de 8 traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante dos meses a tempo completo, para a realización do Servizo denominado Salvamento de Socorrismo 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/4038

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por **D Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1.179,75 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D Tygran Poghosyan Gharibyan** a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música no mes de setembro de 2017, co obxectivo de manter os instrumentos nunhas condicións óptimas de uso para o comezo do curso académico 2017-18, polo importe citado de 1.179,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Promoción Económica

PRP2017/4050

Dáse conta do escrito de **D. David de María Castellanos** achegando a documentación requirida por acordo de Xunta de Goberno Local de 24 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle nas instalacións de Fexdega para a realización de MOTOR OCASIÓN do 9 ó 18 de outubro de 2017, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude



- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

Antes do inicio da montaxe

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

Antes da inauguración do evento

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.



Turismo

PRP2017/4041

Dáse conta de sinatura do Convenio entre Dona Beatriz Alvariño Díaz del Río (Atlántic Extrem Sport, Comunicación & Eventos) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o patrocinio da “Triple Corona Illas Atlánticas” , cunha aportación por parte do Concello de 3.025,00 €, con cargo á partida 432.22612, para gastos de publicidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2017/4042

Dáse conta da sinatura do protocolo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a celebración da Festa da Ameixa de Carril, cunha aportación de Abanca en base ao citado documento, de 1.500 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado protocolo de Colaboración.

Dáse conta así mesmo que a Axencia de Turismo de Galicia fai unha achega para a citada Festa de 3.000 €.

Proxecto (3) N°0 01/36/2017.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4043

Vista a solicitude de D. Antonio Caeiro Rodríguez, en representación da **Asociación Cultural O Faiado da Memoria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 20 de setembro de 2017, en horario de 19:00 a 22:00 horas, para a presentación do libro colectivo “Os Nomes do Terror”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4044

Dáse conta da sinatura do convenio de adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017 no que se establecen as cláusulas da programación da Rede Galega de Teatros do segundo semestre de 2017, correspondendo ao concello unha aportación de 8.905,55 € e ao AGADIC unha aportación de 8.905,55 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4045

Dáse conta de resolución do Servizo de Cooperación, da Deputación de Pontevedra, pola que se acorda:



- Aceptar a desistencia do Concello de Vilagarcía de Arousa a executar o investimento “Tratamento de medianeiras e elementos singulares na Rúa Romero Ortiz”, para cuxa realización foi outorgada unha subvención por importe de 30.000 € no marco do Plan Concellos 2016.
 - Declarar concluso o expediente e proceder ó seu arquivo.
 - Autorizar o cambio de finalidade de modo que o crédito comprometido no financiamento se aplique no financiamento de obra nova proposta, denominada “Urbanización do entorno da Rúa García Caamaño”, cun orzamento polo mesmo importe.
- A Xunta de Goberno Local queda sabedora.
Proxecto (2) nº 01/45/2016.

PRP2017/4046

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación das obras de “Reparacións de farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trilo, Contorno da Alameda e Praza Ravella”, cun orzamento de 15.792,82 € (IVE engadido), e das ofertas presentadas, seguintes:

- Pinturas Chiyi y Nietos, S.L., que ofrece o prezo de 15.790,50 € (IVE engadido).
- Reformas Trébol, S.L., que ofrece o prezo de 15.246,00 € (IVE engadido)

Vista a proposta da Concelleira de urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á Empresa **Reformas Trébol, S.L.** o contrato das obras de Reparacións de farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trilo, Contorno da Alameda e Praza Ravella, polo importe ofertado de 15.246,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.215, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Proxecto 3 nº 01/30/2017)

PRP2017/4089

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Joaquín Lustres Carregal** os traballos de coordinación de seguridade e saúde en fase de execución e aprobación do plan de seguridade e saúde das obras de “Desvío de canalizacións no entorno da Rúa Miramar. Vilaxoán”, por un importe de 471,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640. Proxecto (4) nº 01/02/2017.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/4096

Dáse conta do erro no acordo da X.G.L. de data 31/07/2017 relativo ás festas de San Roque 2017, Onde dí:

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación do orzamento correspondente ás actividades programadas nas **Festas de San Roque 2017**, por un importe total de 258.310,97€.

Dáse conta dos informes da Intervención Municipal e da Secretaría Xeral.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento previsto para as actividades programadas nas Festas de San Roque 2017, por un importe total de 258.310,97€, con cargo á partida 338.22699.
- Aprobar unha provisión de fondos a xustificar, polo importe de 197.146,61€, a favor de Dona Luz María Abalo Pérez.

Debe dicir:

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación do orzamento correspondente ás actividades programadas nas **Festas de San Roque 2017**, por un importe total de 258.310,97€.

Dáse conta dos informes da Intervención Municipal e da Secretaría Xeral.



A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento previsto para as actividades programadas nas Festas de San Roque 2017, por un importe total de 258.310,97€, con cargo á partida 338.22699.
- Aprobar unha provisión de fondos a xustificar, polo importe de 197.995,97€, a favor de Dona Luz María Abalo Pérez.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda **correxir** o citado erro.